



CONCELLO
DO
CARBALLIÑO
(OURENSE)
(OURENSE)

PRAZA MAIOR, 1
Tel.: 988 53 00 07 - Fax: 988 53 00 08
32500 O CARBALLIÑO (OURENSE)

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DO CARBALLIÑO E A ENTIDADE "ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL POLIFÓNICA CASINO DO CARBALLIÑO" PARA ESTABLECER AS CONDICIÓNS E COMPROMISOS APLICABLES Á SUBVENCIÓN PREVISTA CON CARÁCTER NOMINATIVO NO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2019

O Carballiño, 4 de decembro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte **don Francisco José Fumega Piñeiro**, alcalde-presidente do Concello do Carballiño (Ourense) exceptuado de sinalar as súas circunstancias persoais por razón do cargo que ocupa, actuando en nome e representación do mesmo.

E doutra, **don José Luís Castro Seijas** con NIF 14.708.821-E en representación da entidade **ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL POLIFÓNICA CASINO DO CARBALLIÑO** con CIF G-32102535 actuando en nome e representación da mesma.

MANIFESTAN

I. Que a asociación **CORAL POLIFÓNICA CASINO DO CARBALLIÑO** ten como principal obxectivo o cultivo, desenvolvemento e difusión da música en todas as súas manifestacións, e por iso as actividades primordiais son: organización, promoción e participación en concertos, recitais ou certames, recoñecemento e concesión de galardóns, formación e promoción das actividades musicais desta formación, xestión, promoción, conservación e divulgación do patrimonio musical, relacións con outras asociacións co mesmo fin e apoio á innovación musical.

II. Que o Concello considera que o labor que realiza a Asociación constitúe unha manifestación cultural e unha actividade de interese xeral que cumpre unha función social, educativa e cultural, en continua colaboración coas actividades municipais.

III. É de interese público, o cal supón unha promoción da cultura, a través da organización de festivais, actividades formativas, participación en certames e festivais repartidos pola xeografía nacional e internacional.

IV. Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, posibilitan nos seus artigos 25 e 80 respectivamente, as funcións de promoción e estímulo de actividades de interese local, recoñecendo como competencias propias dos concellos as de promoción da cultura.

V. As axudas económicas e as subvencións forman parte da actividade de fomento da que a Administración Local pode facer uso co fin de promover e apoiar actividades de interese público que contribúan á satisfacción de necesidades ou intereses propios da comunidade veciñal local. É en definitiva, unha medida de carácter económico tendente a que sexan os



CONCELLO
DO
CARBALLIÑO
(OURENSE)

PRAZA MAIOR, 1
Tel.: 988 53 00 07 - Fax: 988 53 00 08
32500 O CARBALLIÑO (OURENSE)

proprios cidadáns da comunidade local, de xeito individual ou asociado, os que libremente colaboren co cumprimento de fins colectivos convenientes ou desexables e non dispoñan de recursos suficientes para levar a cabo a actividade de que se trate.

VI. Que nas Bases de execución do orzamento para o **exercicio 2019** consta a seguinte subvención nominativa:

Aplicación orzamentaria	Entidade beneficiaria	CIF	Importe
334.11.480.06	Asociación cultural CORAL POLIFÓNICA CASINO DO CARBALLIÑO	G32102535	3.000,00 €

VII. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de FORMA DIRECTA as Subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recollidos nos CONVENIOS e na normativa reguladora destas Subvencións, e no artigo 28, establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas SUBVENCIONES.

VIII. Que o R. D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, no seu artigo 66, prevé que nestes supostos o acto de concesión ou convenio terán o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do establecido na LXS, e determina o contido do mesmo.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ambas as partes acordan subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, o cal se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

1. OBXECTO DO CONVENIO.

O presente convenio formalízase co obxecto de sufragar, en parte, os gastos derivados da organización do **"Festival Galaico-portugués 2019"** e promoción cultural, organización e participación en concertos gratuítos de 2019.

- Gastos de persoal contratado especificamente para ás actividades.
- Arrendamento de servizos de empresas.
- Servizos técnicos para a realización de actividades.
- Gastos de actuacións musicais.
- Edición de publicacións en distintos soportes, publicidade e difusión das actividades.
- Gastos protocolarios e de representación, dietas, gastos de viaxe, aloxamento e manutención así como gastos de xestión e administración ordinaria (catering, agasallos,



galardóns, material de oficina, teléfono, mensaxería, comunicacións postais, etc...) derivados da propia organización das actividades obxecto da axuda.

2. CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A contía da subvención ascende a 3.000,00 euros, que é o importe total do crédito orzamentario autorizado. O devandito crédito é un crédito do capítulo 4 "Transferencias correntes" do programa 334.11, polo que non poderán aplicarse os fondos a gastos de distinta natureza e finalidade á que é propia dos gastos imputables ao devandito crédito.

Dita contía total (100%) da subvención outorgada impútase ao exercicio económico de 2019.

3. DURACIÓN

Este acordo contempla a execución de actividades culturais durante o período comprendido dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 29 de novembro de 2019.

4. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONS.

As subvencións serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas, sempre e cando o importe da subvención concedida non sexa en ningún caso de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

En ningún caso será compatible con outras subvencións de concorrencia competitiva procedente da Área de cultura do Concello do Carballiño.

5. OBRIGAS XERAIS DA ENTIDADE/ASOCIACIÓN BENEFICIARIA.

A entidade beneficiaria comprométese a:

- A. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- B. Xustificar ante o órgano que concede a subvención o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce de dita subvención.
- C. Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano que concede a subvención, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- D. Comunicar ao órgano que concede a subvención ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.



Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- E. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente.
O Concello comprobará de oficio que a Asociación non ten débedas pendentes coa facenda local.
- F. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- G. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- H. Manter coordinación permanente coa Área de Cultura do Concello do Carballiño.
- I. Si se realizasen actividades de difusión do proxecto, en calquera soporte, deberá deixarse constancia da existencia de financiamento do Concello do Carballiño, quedando exentos en caso de que a actividade se realizase con data anterior a sinatura do convenio. A non xustificación da publicidade, de ser o caso, suporá unha minoración da subvención do 5% da axuda concedida.

Así mesmo a entidade responsabilízase de:

- Realizar as actividades que fundamentan o presente convenio.
- Contar cos medios persoais e materiais adecuados para o cumprimento dos fins citados.
- Velar polo cumprimento dos dereitos e obrigas que as leis lles confiran ós beneficiarios do proxecto, debendo realizar unha evolución do proxecto e da actividade.

6. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

De acordo co artigo 30 da LXS, a rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender:

- a) Instancia subscrita polo Presidente da Asociación na que solicite o pago da subvención no número de conta corrente indicada na solicitude.
- b) Presentación da conta xustificativa, que comprenderá:
- Memoria detallada que inclúa declaración da actividade realizada, financiada coa subvención e o seu custo.
 - De ser o caso, un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello do Carballiño.
 - Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable, con identificación do acredor e do documento, concepto, importe e data de emisión.



- Presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico mercantil ou laboral (TCs, cartas de pago, etc.).
 - O pago a terceiros poderase acreditar mediante un documento expedido por entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, cheques, etc.), e só excepcionalmente poderán utilizar o pago en metálico en cuxo gasto no documento deberán constar o selo de pagado, selo do provedor debidamente asinado, con nome, apelidos e DNI da persoa que recibiu o pagamento. **En ningún caso, os pagos en metálico poderán exceder de 300 € por provedor e de 1.000 € en cómputo global da subvención outorgada.**
 - Declaración xurada do beneficiario que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.
 - Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións). Tamén deberá acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.
 - Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Facenda estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social, ou declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social asinada polo representante legal da asociación, se a axuda non supera o importe de 3.000,00 €, segundo o disposto no art. 24.4 do RD 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. O Concello comprobará de oficio que a Asociación se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa facenda local.
 - Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.
- c) Os gastos certificados teñen que ser iguais ou superiores ao importe da subvención concedida. A subvención representa o 40,81 % do total da actividade.
- d) O prazo para presentar a documentación xustificativa será ata o **día 5 de decembro de 2019.**

7. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En materia de infraccións e sancións aterase ao disposto no capítulo IX da Ordenanza Xeral Reguladora das subvencións do concello do Carballiño (BOP N° 49, de 2 de marzo de 2015).

8. GASTOS SUBVENCIONABLES.

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo establecido no



CONCELLO
DO
CARBALLIÑO
(OURENSE)

PRAZA MAIOR, 1
Tel.: 988 53 00 07 - Fax: 988 53 00 08
32500 O CARBALLIÑO (OURENSE)

presente convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Á vista do proxecto presentado polo beneficiario, o importe do gasto subvencionable ascende a **7.351 €**. Dado que a subvención outorgada elévase a, como máximo, **3.000,00 €**, esta representa un **40,81%** dos gastos do proxecto presentado. Se os gastos subvencionados xustificados correctamente son inferiores aos do proxecto presentado minorarase a achega municipal na proporción fixada neste parágrafo.

2. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 30 de novembro 2019 (data de finalización do período de xustificación determinado no presente convenio).

9. FORMA DE PAGO.

O pago do importe da subvención correspondente o 100% do importe total da subvención concedida, realizarase tras a presentación, pola entidade beneficiaria, da conta xustificativa nos termos expostos na cláusula 6 deste convenio.

En ningún caso poderán imputarse gastos dun exercicio diferente ao subvencionable (exercicio 2019), ou que os gastos non sexan suficientes para xustificar o importe da subvención concedida.

Dito convenio deberá estar publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

10. ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor unha vez aprobado polo órgano municipal competente e subscrito polas partes, mantendo a súa vixencia durante o exercicio 2019.

En todo o non contemplado neste convenio estarase ao disposto na LXS e restante normativa de aplicación.

Así o conveñen as partes e en proba de conformidade con canto antecede asinan o presente documento por triplicado en lugar e data ao principio indicados.

O ALCALDE

Francisco José Fumega Piñeiro

A PRESIDENCIA DA ASOCIACIÓN

José Luís Castro Seijas